

AMAZING GRACE

Allan Elliot, Sydney Pollack, 2019

597

ESTREA EN NUMAX: 04.10.2019 | V.O.S.E. | TP

Amazing Grace (2018, 87')

Dirección: Allan Elliot, Sydney Pollack

Participación: Aretha Franklin, Reverend James Cleveland, C.L. Franklin, Alexander Hamilton, Bernard Purdie, Chuck Rainey, Clara Ward, Mick Jagger, Sydney Pollack, Charlie Watts

Montaxe: Jeff Buchanan

Son: Jon Gerdemann, Steve Neal, Greg Ortiz, Serge Perron

Música: Aretha Franklin

Produtora: Sundial Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinalde 2019 (Sección oficial fóra de concurso), Image Awards 2019 (mellor filme)

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Danzad, danzad malditos, 1969

Tal como éramos, 1973

Tootsie, 1982

Memorias de Africa, 1985

Habana, 1990

La tapadera, 1993

Sabrina (y sus amores), 1995

Caprichos del destino, 1999

La intérprete, 2005

SINOPSE

En 1972 Aretha Franklin deu durante dous días un concerto de gospel na Igrexa Bautista Misioneira New Temple en Watts, Los Ángeles, gravando o que sería o seu álbum máis vendido, *Amazing Grace*. As sesións foron filmadas polo equipo de Sidney Pollack, mais o material rematou nunha bóveda e durante 4 décadas foi un dos tesouros cinematográficos perdidos da música do século XX. Antes da morte de Pollack o director expresou a súa vontade de que se completara o filme e o produtor Alan Elliot abordou dito proxecto con paixón.

«É coma un diamante en bruto que sae dunha cápsula do tempo. Un filme esencial que presenta a gravación dun dos mellores discos de gospel»

Owen Gleiberman, VARIETY



Entrevista con Alan Elliott

Como foi o proceso de adquisición da película a Warner Bros? Foi fácil! Sydney Pollack e eu falamos sobre esta película pero por desgraza el enfermou. Un día, chamoume para dicirme que quería que eu a acabase, e o mesmo lle dixo a Warner Films. Así que o meu axente asinou un acordo e puxémonos en marcha.

Canto tempo levabas traballando nela? Desde 1990.

Que dificultades técnicas entrañaba? Non había sincronización entre o audio e a película que se filmou en 1972.

Sabías que existía este problema de audio antes de comprar a película? Non, non o sabía!

Como lograches arranxalo? A tecnoloxía dixital dos servizos Deluxe Entertainment e os meus grandes amigos Gray Ainsworth e Beverly Wood axudáronme a solucionar ese problema.

Tiveches que descartar algo? En que te baseaches para tomar esas decisións? Sí. A miña primeira montaxe duraba 3 horas e media. Estaba nunha primeira proxección cun amigo que acababa de ter cancro de próstata... e iso obrigoume a tomar decisións rápidas sobre a montaxe (necesitabamos ir rápido!).

Axudouche alguén da película na post-montaxe? Moitos membros do coro e Alexander Hamilton viñeron ás

proxeccións e foron de gran axuda á hora de tomar decisións sobre a montaxe.

Cal é a túa canción favorita de Aretha Franklin no álbum *Amazing Grace*? *God Will Take Care of You*. E tiveron que montala fóra da película porque non encaixaba!

* * *

Aretha Franklin: Máis de seis décadas de arte

Aretha Franklin era un astro da música popular e unha icona da cultura mundial. É unha das artistas musicais máis exitosas de todos os tempos, con máis de 75 millóns de copias dos seus discos vendidas en todo o mundo. A indiscutible «Raíña do Soul» deixou un increíble legado de máis de seis décadas. Cantou ante xefes de estado e membros da realeza estranxeira e gañou a admiración de fans, colegas e artistas de todos os xéneros. É coñecida en todo o mundo polo seu nome de pila: Aretha.

O seu dominio vocal e a súa excelencia artística foron recoñecidos en numerosas ocasións ao longo da súa distinguida carreira. Franklin foi elixida dúas veces como Cantante Número Un de Todos os Tempos pola revista Rolling Stone e recibiu a distinción civil máis alta que se concede en Estados Unidos, a Medalla Presidencial da Liberdade. Ademais gañou 18 Grammys, o Grammy a Toda unha Carreira e un Grammy Living Legend. Aretha foi a persoa máis nova en

recibir o cobizado Premio do Kennedy Center; a primeira muller en formar parte do Salón da Fama do Rock & Roll; a segunda muller en ingresar no Salón da Fama da Música dos Estados Unidos. Tamén foi elixida membro do Salón da Fama da Música Gospel. O álbum góspel de Aretha, *Amazing Grace*, é o álbum máis vendido e o álbum de góspel en directo máis vendido de todos os tempos.

Aretha foi proclamada internacionalmente como «a voz do movemento dos dereitos civís, a voz da América negra» e un «símbolo da igualdade dos negros». En 1968, a súa voz inmensamente espiritual escoitouuse en todo o mundo, xa que cantou no funeral de Martin Luther King e en 1972 no funeral de Mahalia Jackson, a Raíña do Gospel. A aclamada voz de Aretha foi declarada «recurso natural do estado» en 1985 polo Departamento de Recursos Naturais do Estado de Michigan. Máis tarde, Aretha acadaría un fito na súa histórica carreira cantando na primeira toma de posesión do presidente Barack Obama.

Publicado en caramelfilms.es
Tradución: Olalla Cocina

O director

Sydney Pollack (1934–2008) estudou e ensinou interpretación, aparecendo en varios montaxes de Broadway nos inicios da súa carreira artística. En 1960 comeza a traballar na realización, dirixindo máis de 80 shows televisivos. O filme que o consagrou foi *Danzad, danzad, malditos* (1969), pola que foi nomeado a mellor director nos Oscar. Outros éxitos da súa carreira foron *Yakuza* (1974), *El jinete eléctrico* (1979) e *Tootsie* (1982) coa que obtivo 10 nomeamentos ao Oscar. En 1985 gañou o Oscar pola dirección de *Memorias de África* (Oscar tamén á mellor película).

NA LIBRARÍA NUMAX

The Atlantic Singles Collection 1967-1970
Aretha Franklin (2 CD), Rhino

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org



AMALIA XA TEN O SEU ABONO REDUCIDO

E ti, a que
agardas para
abonarte?



Se ti xa es de NUMAX
e queres compartilo,
fai unha foto co teu
abono e compártea.
#eusondenamax